

## TEATRO INFANTIL: ASPECTOS EDUCATIVOS DO TEATRO GUIÑOL

### *Dramatización*

Falar de dramatización infantil é case como falar dun maravilloso soño que temos despertos todos os días, agrandando-se dia tras dia o desexo e vontade de que poda ser real e de que esté ao mesmo nivel das cousas máis básicas e máis necesarias para o ensino, ou mellor, que sexa unha das primeiras necesidades xunto con aquelas que xa o están sendo na actualidade nas nosas aulas; pero este soño seguirá estancado na ilusión se por parte dos mestres e educadores non hai unha recapitación e concienciación para que este chegue a ocupar o lugar que lle corresponde. E por tanto unha necesidade primordial para o ensino e non un luxo nen unha actividade secundaria sen importancia como se veu considerando até agora. Pensamos que hai que retomar dunha maneira séria o que di *Peter Slade*: “La expresión dramática nos rodea por doquier. Actores y público son una misma cosa. Eso concuerda con la condición mental del niño”, in *Expresión dramática infantil*, Educación Abierta/Santillana, 1983, pág 425.

Pero, ¿son capaces os nenos de dramatizar?, en principio os nenos de certas idades, dirixidos por alguén que teña un mínimo de coñecimentos, poden levar a cabo esta tarefa, pero ademais para que haxa dramatización infantil non é preciso que os nenos sexan os executores, senón que o poden levar a cabo os maiores, mestres, profesores, profesionais, etc, porque o único que se precisa para que haxa este tipo de teatro é que vaia dedicado e orientado para nenos ou para a infancia, sen ter para nada en conta quen o realiza.

A dramatización parece básica por varios motivos, e quizais o primordial é que enriquece a formación integral do neno.

Deben-se pór, polo tanto, todos os ingredientes necesarios para levar a bon termo dramatizacións adecuadas para nenos, e non cabe dúbida de que se isto pasa, estes no futuro serán fieis amantes e namorados deste tipo de actividades.

Tamén hai que procurar que os nenos non se estanquen na fase de espectadores, estes ademais de veren dramatización deben chegar a ser actores e colaboradores, de ser así as vantaxes e enriquecemento da personalidade aumentan, porque deste xeito introducen-se nun grupo de persoas que teñen que colaborar nunha mesma actividade, e para que o equipo funcione teñen que se responsabilizar todos e cada un, intercambiando cada un cos demais aquilo que é capaz de saber, de pensar, de facer, etc, podendo ser este o primeiro contacto de cooperación social, en fin, que a súa personalidade pode ir desenrolando-se a modo de xogo, e pensamos que este tipo de xogos deberían de ser posibilidades ou camiños a seguir para orientar a educación.

Hai outra pregunta que temos que facer obrigatoriamente, é a seguinte: ¿por que hai tan pouco teatro infantil nas escolas?, en principio quizais sexa porque os maiores non fomos formados neste maravilloso mundo, e, tal vez, nos pareza difícil e complicado para podermo-lo levar á práctica; ademais nos

centros é moi raro que haxa un grupo de persoas que esté disposto a levar adiante un equipo teatral, ben polo traballo que acarrea, ben por outros motivos, o caso é que a dramatización non existe nas aulas, e cando a hai é para ocupar un lugar moi postergado do que debería de ser a súa realidade, por iso vai sendo hora de que todos lle demos un avance a eses médios tan precários dos que se ve rodeado.

*¿Hai obras propicias para poder dramatizar?*

A resposta non pode ser máis triste, e a única verdade é que salvo rarísimas excepcións non atopamos nada ou case nada que mereza a pena, pero de levá-lo a cabo o que se deben procurar son textos dramaticamente válidos, para podermos saír, en parte, deste estancamento e mediocridade. Unha solución, tal vez fose a de adaptar obras entre todos os que pertencen a unha clase, e de poder ser actualizá-las para dar-lles unha certa realidade; agora ben, o que máis urxe é introducir a dramatización nos centros escolares, de tal maneira de que deixe de ser ese pasatempo que, por veces, podemos ter, e pase a ser un dos médios onde se podan expor cada un dos feitos sociais que se desenrolan nun momento ou momentos determinados.

*Teatro guiñol*

Este tipo de dramatización ou de teatro se vai dirixido á infancia non é outra cousa máis que teatro infantil, e case hai que dicir que chega aos menos moito máis intensamente que nengun outro, pois os nenos segundo pasan os minutos van-se identificando con aqueles monecos da escena que adquiren case vida propia desde que alguén lles presta a voz e o movemento, por iso o público os chega a considerar a nivel humano, aínda que os monecos que están a ver sexan animais ou cousas, e sobre todo, os nenos público, que case sempre se chegan a crer os mesmos protagonistas do que están a ver, e identifican-se tanto que mesmo se senten tristes cando na escena hai tristeza e alegres cando por momentos se desborda ese sentimento tan maravilloso do que está tan falto boa parte da humanidade.

Se non se ten un certo coñecemento deste tipo de dramatización, quizais poda parecer que é un invento moi moderno, cando a realidade é de que existe desde hai moitos séculos, vindo esta tradición na Península desde Lope de Rueda, ou tal vez, desde moito antes; pero o máis triste é o pouco aproveitamento que del temos feito até agora.

Tamén cabe formular outra pregunta, ¿son capaces os nenos de manexar monecos?, pensamos que poden manexá-los cunha certa soltura a partir dos dez anos, desenvolvendo-se mellor nesta arte que sendo actores directos nunha determinada dramatización, máis aínda, cunha aprendizaxe prévia poden facé-lo moito antes.

*Progresión didáctica do guiñol*

Antes de chegar á representación formal dun conto, dunha obra, etc, é preciso o transcurrir paulatino e inexorábel dunhas etapas en progresión de dificultade. Estas etapas son as seguintes:

1) Xogos de expresión corporal (tensión, relaxación, equilibrio, flexibilidade . . .).

2) Pantomima ou mimograma que leva consigo un control do xesto corporal axeitado aos rasgos psíquicos da personaxe.

### 3. Representación formal.

Moi propio para os párvulos é o teatro guiñol. Nel dan-lle vida a unha personaxe coa que chegan a familiarizar-se, e de paso melloran a motricidade co seu manexo.

Os monecos dunha dramatización orixinan longos períodos de xogo construtivo; ensaios de conduta ao traveso da proxección de temas violentos ou temores persoais; ensinan cuestións relacionadas coa representación, posta en escena, decoración (cor, deseño, organización...), conexións múltiples coa artesanía, etc. Tamén favorecen a fala e son fonte incentiva da imaxinación; tamén axudan aos nenos tímidos, difíceis, etc, estando, por así dicé-lo, moi próximos á arte infantil e son a esencia viva do xogo proxectado.

En resume o teatro guiñol, polas suas propiedades visuais e semiviventes pode empregar-se como un dos medios fundamentais en múltiples facetas da educación.

O guiñol non debe estar nun lugar ou nunha área reducida de actuación (escenário), senón que se debe aproveitar para a experimentación e posta en contacto co espácio. Non debe ficar, por forza, nun teatro nen viver somente nas funcións.

A partir do guiñol os nenos poden encontrar formas novas de liberación e o seu emprego favorece á expresividade e creatividade lingüística.

Tamén serven de axuda na corrección de diversas anomalías da linguaxe tales como dislalias, disártrias, disfemias, etc. Dentro das difemias axudan a corregir diversos tipos de tartamudez que posibilitan a liberación deses estados angustiosos que se orixinan na familia e que captan en exceso os nenos predispostos ás neuroses, amosando tensións de tipo muscular e emocional para vencer os espasmos. A través do guiñol posibilita-se a superación deses estados de logofobia sintomáticos deste tipo de anomalías.

Dentro do ámbito da dramatización, e directamente relacionada cos nenos, atopamos dous tipos de teatro, para completar algo que está en parte adiantado diremos que hai que diferenciar o que se define como *teatro para nenos ou teatro infantil*, feito na maioría dos casos por adultos. Este é un teatro bastante escaso xa que esixe unha preocupación polo proceso mental dos nenos e pola realización de espectáculos motivantes, polo que en xeral costuma ter-se en conta como un xénero dramático menor.

Outro tipo é o *teatro de nenos*, no que son eles mesmos os que escenifican. Con este tipo de teatro pretende-se conseguir dos nenos o seguinte:

1. O emprego de técnicas de expresión oral, musical, e plástica.
2. Recoñecimento do esquema corporal e os seus recursos expresivos.
3. Desenrolo da imaxinación, espontaneidade, sociabilidade, sentido do

traballo colectivo, sensibilidade, etc.

### *O teatro de participación*

Normalmente dá pé á improvisación dos nenos nun contexto demarcado por adultos.

Na práctica co guiñol, é preciso seguir unha progresión en función da complexidade motriz que require o seu manexo. A modo de esquema moi sinxelo podería-se suxerir o seguinte:

1º Monecos creados por un mesmo con culleres, bolas de poliestireno, etc.

2º Sombras chinescas.

3º Monecos de guante.

4º Marionetas ou monecos (pendentes dun fio).

A aplicación na práctica escolar dun sistema fundado na actividade de tipo dramático, implica por unha banda o abandono do paradigma tradicional que na escola se emprega, e por outra banda, rexeita os supostos dos que se parte en dito paradigma, tales como a capacidade de partida, fruto dun mal diagnóstico das necesidades, orixinado por unha avaliación previa do produto. Tamén leva consigo rexeitar o excesivo valor que se lle dá á capacidade de asimilación verbal en detrimento doutros mecanismos de recepción de información.

Como síntese do dito cabería apuntar un modelo didáctico moi particular que, tal vez, poda servir de marco de referencia a unha actividade académica baseada na expresión dramática.

Antes de facer referencia a unha experiencia didáctica que se levou a cabo nesta Escola Universitaria, pensamos que pode ser de utilidade definir a grandes rasgos o que é teatro guiñol, e este non é outra cousa máis que un teatro ou retablo de marionetas ou de monecos que se manexan directamente coa man. Tamén pensamos que sería positivo explicar algun vocabulario fundamental que pode aparecer cando vos queirades pór en contacto con este tipo de dramatización, se é que aínda non o tedes feito. Vexa-se algun moi elemental:

#### *Bastidores:*

Espécie de armazón que pode estar feito de táboas, listóns de madeira, etc. Nel costumaban colocarse papeis pintados, lenzos, etc, que na maioría das obras están dun lado ou do outro do escenario.

#### *Decorado*

Totalidade ou conxunto de lenzos, papeis pintados, teas, etc, co que figuramos un lugar ou sitio que pode aparecer en calquer representación dunha obra de teatro, guiñol, etc.

#### *Escena*

Parte do teatro no que se leva a cabo ou no que se representa calquer clase de obra. O seu espazo coincide con aquel onde se figura o lugar da acción, ou se se quere co lugar que queda á vista do público cando se levanta o telón. Tamén pode ser cada unha das partes en que está dividida unha obra dramática.

### *Escenário*

Parte do teatro no que se poñen en escena ou no que se levan a cabo as obras dramáticas ou outro tipo de espectáculos teatrais ou non.

### *Experiencia práctica*

Para levarmos adiante este proxecto partiu-se máis ou menos de todo o anterior. O primeiro que se pensou foi que para que os nenos podan ter guiñol nas escolas antes é preciso que os propios mestres ou profesores que lles van dar clases teñan un mínimo de coñecimentos e estes ben poderían ser adquiridos nesta E.U. de Maxistério. Hai que suliñar que esta actividade levou-se independentemente das clases, e a idea naceu e partiu dos propios alumnos do curso de terceiro de Preescolar do ano académico (1982 - 1983).

#### *¿Como se escolleu a obra?*

Primeiro pensou-se en escribir entre todos unha obra para poder escenificá-la, pero logo por falta de tempo e por outros motivos houbo que desistir deste primeiro propósito e pensar noutras posibilidades. Os problemas seguiron, pois queríamos elexer unha obra escrita en lingua Galega, e posto que para guiñol non hai nada ou case nada, entón decidiu-se elexer unha obra de teatro que pudesese adaptar-se para este fin, e mesmo se nos ocorreu unha das que eran de lectura obrigada, sendo, polo tanto, esta a razón primordial da escolla; a obra seleccionada foi: "*As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*", Carlos Casares, Editorial Galaxia, Vigo, 1979.

Hai que facer notar que esta obra non se facía para nenos de Preescolar, senón que se facía para alumnos desta Escola Universitaria, xa que o que interesaba non era a obra en si, se non todo o con ela relacionado, pois para nós o principal era adquerir unha completa aprendizaxe de todas as técnicas que se ian desenrolar na fabricación dos monecos, decoración, etc, é dicer, de todo o necesario para poder levarmo-la a bon termo, tendo en conta que todo tiña que ser elaborado por nós, e de ser posíbel o mellor que se pudesese.

Todo tiña que estar rematado e disposto o día dezasete de Maio, data que coincide co día das "Letras Galegas", pero tivemos que cambiar de día e postergar a representación até principios de Xuño por motivos alleos á nosa vontade; pero o importante é que o equipo funcionaba e as ideas pouco a pouco ian transformando-se en reais como por efecto dunha vara máxica, xogando todos a ser actores, decoradores, directores, etc. e a dicer verdade é que todos fomos algo e parte de todos e duns e dos outros aprendemos algo.

#### *¿Que se percorrou para esta obra?*

Consideraron-se certas cousas de vital importancia, porque o éxito ou fracaso dunha obra depende en parte delas, estas foron as seguintes:

a) Movemento adecuado dos monecos. Por iso se cuidou ao máximo os seus movementos, as suas posturas, o lugar adecuado que debían ocupar en ca-

da momento, etc.

b) Declamación. A voz que se lle ía prestar a cada moneco na actuación era fundamental, por iso as persoas que lle-la prestaban deberían ter unha boa vocalización, para lograr unha pronúncia adecuada de cada palabra, cada sílaba, etc, ademais nesas voces deberían expresar-se os sentimentos, cousa moi difícil de que se poda lograr co simple movemento dos monecos na escena, polo tanto a voz debe facer un pouco os dous papeis.

c) Os ensaios. Canto máis se ensaie mellor será o resultado; os pasos que se seguiron foron os seguintes: O primeiro foi lermos a obra entre todos, adaptando algunhas cousas que non encaixaban ben; despois fíxo-se un exemplar para cada un dos actores; e novamente volvemos reler a obra para tomarnos conciencia do que cada un tiña que facer en cada momento concreto; acto seguido levou-se a cabo un ensaio xeral do texto acompañado polos movementos que debían facer os monecos, isto último modificou-se varias veces até lograr o que pareceu máis adecuado. Ao día seguinte volveu-se ensaiar o mesmo pero xa co decorado posto e colocado, cousa que lle daba unha certa ambientación. A continuación introduciu-se a música dentro dos ensaios xerais. Finalmente as luces completaron o esquema xeral concebido para estes ensaios, combinando-as de moi diversas maneiras até lograr o que pareceu máis axeitado. Os días anteriores á da representación ensaiou-se con todo incluído: texto, decorados, luces, música. Todo isto axudou ao éxito aceptábel que tivo a representación.

#### *Material empregado*

Partindo dun presuposto de trinta mil pesetas que nos concedeu a comisión cultural deste centro mercou-se o seguinte material:

– Estrutura de ferro desmontábel, que é de moi fácil manexo e ademais permite a posibilidade de podé-la aumentar para outros anos, de adaptá-la á forma que se precisa . . .

– Teas, diversas en canto ao tamaño e á cor, e tendo, por suposto en conta como ía ser a decoración, traxes dos monecos, etc.

– Madeira, poliestereno, papeis, goma espuma; de todo a cantidade precisa para a dita obra.

– Cola, pegamento, cinta adhesiva, tamén a cantidade que se necesitou.

– Material eléctrico (cordón da luz, lámpadas, interruptores, etc.).

– Material de ferretaría (cravos, pinturas, disolventes, etc.).

#### *Os monecos: fabricación e vestuário*

Había que crear as seguintes personaxes: Elías, Anxa, Veciño da Escopeta, Veciño Gordo, Veciña Desdentada, Veciña Sabida, Veciño Torto, a Laranxa, o Ovo, a Galiña Petra e o can Paulino.

Os nomes implicaban un pouco a súa anatomía e vestuário.

Con espuma enrolada fíxo-se o corpo de cada un, segundo o tamaño que se considerou necesario. A cabeza tamén se fíxo de espuma pero cubriu-se ade-

mais con cinta adhesiva, que se foi apertando e afrouxando, segunda a forma que se prevera. A continuación pintou-se cada cara, por exemplo, a Veciña Desdentada non tiña todos os dentes, ao Veciño Gordo sobresaían-lle as fazulas, etc. O cabelo de cada quen fixo-se de la de diversas cores, o de Anxa era loiro, o Veciño da Escopeta tiña cabelo e barba cincenta, e o Veciño Torto pelo e bigote acastañado, etc.

O vestuário variaba máis que nada no colorido, Anxa levaba saia e blusa, e as outras veciñas, vestido simplemente, mentres que os homes calzas e camisas, portando ademais o Veciño da Escopeta un chaleco folgado; polo demais, Paulino era un can branco e negro cunhas longas orellas, a Laranxa era unha enorme laranxa con rasgos humanos e a plumaxe da galiña era de múltiples cores, cicais esta fose a causa de que puxese un enorme ovo vermello, só real, quizais na imaxinación.

### *Decorado*

O decorado do fondo pintou-se sobre papel que se emprega, normalmente, para empacquetar, representando un horizonte de montañas de cor castaña, cobertas por unhas claras nubes azuis, acompañadas dun dos fermosos días que preside un sol amarelo.

Nos bastidores e ao fronte do escenario, ademais do título da obra que se representaba había moitos globos de cores tan diversas que ben pudesen ser laranxas ou simplemente adornos.

A escena estaba decorada ao fondo cunha casa, lugar de residencia de Anxa e Elias; á esquerda, entenda-se do espectador, estaba a caseta do can; á dereita un pozo e por detrás deste unha grande árbore ou laranxeira que tiña laranxas enormes. Todo isto estaba situado sobre o chan que estaba feito con láminas de poliestereno, no que tamén había camiños polos que se movían e andaban as personaxes dun lado para o outro. Hai que destacar que toda a decoración, ou obxectos decorativos que había sobre este chan tiñan volume, pois todos e cada un estaban feitos de poliestereno, fechando algunhas das cousas, ou mellor dito cercándo-as unha sebe tamén con volume e feita do dito material.

Esta representación tivo para nós particular interese, xa que como se dixo antes, foi a primeira que se realizou nesta escola coa participación dos alumnos. Tamén foi interesante porque conxugaba o que as personaxes fosen monecos, manexados desde abaixo, cun marco inusual no guiñol, un marco escénico tridimensional, que aporta, quizais, unha novidade para levar a cabo este tipo de actividades.

*HELENA SANCHEZ*

*XOSE MANUEL CASALEIRO*

